REGULAMENTO

I CARREIRA E ANDAINA "CORAZÓN ACIBRO"

Anpa Acibro Colegio Jorge Juan Xuvia en marcha contra a Violencia de Xénero e Ciberacoso

CORAZÓN ACIBRO

ANPA ACIBRO EN MARCHA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E CIBERACOSO

XUSTIFICACIÓN

Trátase dun proxecto educativo no que implicamos a toda a comunidade do Colexio Jorge Juan de Xuvia (Narón) na realización dunha actividade deportiva con fin solidario, recadar fondos para a Asociación ALVIXE e ó mesmo tempo lanzar un chamamento contra a Violencia de Xénero e o Ciberacoso.

A Anpa do Colexio Jorge Juan de Xuvia, a través da comunidade educativa, organiza o sábado 05 de octubre de 2019, a partir das 10:30 horas, a 1ª edición da Carreira-Andaina "CORAZÓN ACIBRO".

A proba absoluta disputarase sobre a distancia de 4 Km. Todas as probas levaranse a cabo na localidade de Narón, no paseo marítimo de Xuvia, nun entorno anexo ó colexio Jorge Juan, e estarán baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo. As probas estarán suxeitas ó seguinte:

REGULAMENTO

Nesta carreira poderán participar tanto persoas populares como atletas federados de todas as idades. Tamén haberá unha andaina para aquela xente que non poida ou non lle guste correr pero sí desexen participar neste primeira edición da Carreira-Andaina "CORAZÓN ACIBRO".

1. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Para a Carreira "CORAZÓN ACIBRO" as categorías de competición serán as seguintes:

Categorías: Masculina e Femenina

- Biberóns: Ano de nacemento (2017-actualidade) 30 metros aprox.
- Pitufos: Ano de nacemento (2013-2016): 150 metros aprox.
- Escolares A: Ano de nacemento (2011-2012): 500 m, aprox.
- Escolares B: Ano de nacemento (2010-2009): 1 km aprox.
- Escolares C: Ano de nacemento (2005-2008): 2 km. Aprox.
- Absoluta: 4 km aprox.
    - Escolares D Ano de Nacemento (2000-2004)
    - Promesa: Ano de nacemento (1990-1999)
    - Veteranos: Ano de nacemento desde o 1989

ANDAINA: 4 kms para todas as idades

2. HORARIO

HORARIO	CATEGORÍA	DISTANCIA
10:30	ABSOLUTA	4 KM
10:33	ANDAINA	3 KM
11:15	ESCOLARES A:(2011-2012)	500 m.
11:25	ESCOLARES B: (2010-2009)	1 KM
11:40	ESCOLARES C: (2005-2008)	2 KM
12:00	PITUFOS: (2013-2016)	150 METROS
12:15	BIBERÓNS:(2017-ACTUALIDADE)	30 METROS
12:30	ENTREGA DE PREMIOS	

3. INSCRICIÓNS

- Data límite: 2 de outubro de 2019
- Formas de inscrición:

    - On line: - Web oficial da FGA: http://www.carreirasgalegas.com
    - De forma presencial: Na secretaría do Colexio Jorge Juan, no seguinte horario: de 9:30 a 13:00 e de 16:00 a 18:00 do 1 de setembro ata o 27 de setembro

- Precios da inscrición:

    - Categorías biberóns, pitufos e escolares……1 €
      Tanto na carreira como na Andaina
    - Resto das categorías……2 €
      Tanto a carreira como na Andaina

Para as inscricións presenciais deberán entregar debidamente cuberto o formulario de inscrición.

Dado o carácter solidario da proba, no momento da inscrición, na web wwww.carreirasgalegas.com haberá opción de realizar un donativo.

Tamén existirá a posibilidade de realizar doacións a través do **DORSAL 0**. Para todas aquelas persoas que non podan participar no evento.

TODOS OS BENEFICIOS DA CARREIRA SERÁN ENTREGADOS Á ASOCIACIÓN ALVIXE.

4. RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

Realizarase o mesmo día da proba nas inmediacións das saídas das diferentes carreiras e da andaina, situadas no paseo marítimo de Xuvia (Narón) dende as 9:30 ata media hora antes do inicio de cada proba.

O dorsal entregado pola organización deberá levarse colocado en toda a súa extensión na parte anterior do corpo e de forma visible. Todo corredor que entre na meta sen o seu dorsal será descualificado a criterio do xuíz árbitro da competición.

5. CONTROL CON CHIP

Todas as probas (excepto a categoría Biberóns,Pitufo e a Andaina) estarán controladas a través dun chip que irá situado na parte posterior do dorsal, o que implica pasar obrigatoriamente polas alfombras de control. O chip non se debe manipular.

6. PREMIOS

Na 1ª edición da Carreira-Andaina "CORAZÓN ACIBRO" outorgaranse os seguintes premios:

- Trofeos aos/as tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría.
- Ó gañador e á gañadora da carreira absoluta.

7. SERVIZOS A CORREDORES

Co fin de dar as maiores facilidades a todos os participantes neste evento, a Organización ofrecerá os seguintes servizos de forma gratuíta:

- Duchas: No colexio Jorge Juan de Xuvia
- Gardarroupa
- Avituallamento final

8. DESCALIFICACIÓNS:

Todo corredor que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos da Federación Galega de Atletismo e da RFEA en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado por criterio do xuíz árbitro da competición.

9. CONTROIS:

Ó longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos, estando autorizados para descualificar a calquera participante que incumpra as normas da competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

10. INCIDENCIAS:

As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

11. ACOMPAÑAMENTO

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes, excepto na proba de biberóns que se permite o acompañamento ós más pequenos.

12. ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde unha hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servicios médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

13. SEGURO

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ó lugar da competición ou desde o mesmo.

14. LOPD

Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos

15. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ó que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13-15008 A Coruña.

MÁIS INFORMACIÓN

www.atletismogalego.org

www.fgatletismo.es

www.carreirasgalegas.com

Colexio Jorge Juan (Narón): Telf: 981383020

Anpa Acibro: 629641685